

MEMORIA. Restauración forestal e ambiental dos montes municipais de Seavia. Coristanco (A Coruña)

“PROXECTO DE POSTA EN VALOR E ADAPTACIÓN A NORMATIVA VIXENTE DAS 16,95 ha. (17,55 ha) DOS MONTES DE SEAVIA. CORISTANCO (A CORUÑA)”



CONCELLO DE
CORISTANCO

SEAVIA. CORISTANCO. A CORUÑA
abril 2021

Andrés Fco. Novo Lombao. **novofor**. Enxeñaría medioambiental e desenvolvemento rural
Enxeñeiro Forestal. Col. nº 56. COETF de Galicia
novoforestal@gmail.com

INDICE

DOCUMENTO Nº 1.- MEMORIA

I.- MEMORIA

II.- ANEXO FOTOGRÁFICO

III.- ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

DOCUMENTO Nº 2.- PREGO DE CONDICIÓN

DOCUMENTO Nº 3.- MEDICIÓNS E ORZAMENTOS

DOCUMENTO Nº 4.- PLANOS

DOCUMENTO Nº 1.- I.- MEMORIA

I.1.- XUSTIFICACIÓN, OBXECTIVOS E CONDICIONANTES DO PROXECTO

I.2.- ESTADO LEGAL

- 2.1.- PROPIEDAD
- 2.2.- RELACIÓN DE PARCELAS. LOCALIZACIÓN E IDENTIFIC. CATASTRAL/ SIXPAC
- 2.3.- REVISIÓN DE SUPERFICIES
- 2.4.- LEXISLACIÓN SECTORIAL
 - 2.4.1.- FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA
 - 2.4.2.- DISTANCIAS DE PLANTACIÓN
 - 2.4.3.- DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO
- 2.5.- RELACIÓN DE AFECCIÓN

I.3.- ESTADO NATURAL

- 3.1.- USOS DO SOLO
- 3.2.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO MONTE. ACCESOS
- 3.3.- XEOMORFOLOXÍA (ALTIMETRÍA, PENDENTES E ORIENTACIÓNS)
- 3.4.- EDAFOLOXÍA
- 3.5.- HIDROGRAFÍA
- 3.6.- CLIMATOLOXÍA
- 3.7.- ESTUDO DA VEXETACIÓN

I.4.- ESTADO FORESTAL

- 4.1.- DIVISIÓN EN ESTRATOS. ADAPTACIÓN Á NORMATIVA DE DISTANCIAS
- 4.2.- INVENTARIO E CUBICACION DE MADEIRA
- 4.3.- VALORACIÓN DE MADEIRA.

I.5.- APEO DE RODAIS. ZONIFICACIÓN

I.6. – PLAN DE ACTUACIÓNS PREVIAS E COMPLEMENTARIAS

I.7. – PLAN DE REFORESTACIÓN E RESTAURACIÓN VEXETAL

- 7.1.- ELECCIÓN DE ESPECIE
- 7.2.- METODOS DE REPOBOACIÓN
- 7.3.- RELACIÓN DE ACTUACIÓNS
- 7.4.- DENSIDADE DE PLANTACIÓN. AVALIACIÓN DA PLANTA NECESARIA
- 7.5.- TRATAMENTO DE RESTOS E MALEZA
- 7.6.- PREPARACIÓN DO TERREO
- 7.7.- PLANTACIÓN. CALIDADE DA PLANTA
- 7.8.- COIDADOS COMPLEMENTARIOS DE MANTEMENTO

I.8.- PLAN DE COIDADOS SILVÍCOLAS

- 8.1.- RELACIÓN DE ACTUACIÓNS
- 8.2.- PODAS E TRATAMENTO DE RESTOS EN MASAS DE CONÍFERAS
- 8.3.- ROZAS, PODAS, SELECCIÓN E TRITURACIÓN EN MASAS DE FRONDOSAS

I.9. – PLAN DE ACTUACIÓNS RECREATIVAS

I.10.- CONTROL DA EXECUCIÓN

I.11.- RESUMO DO ORZAMENTO DESAGREGADO

I.1.- XUSTIFICACIÓN, OBXECTIVOS E CONDICIONANTES DO PROXECTO

ANTECEDENTES

O promotor do proxecto é o concello de Coristanco (A Coruña) propietario das parcelas que figuran no inventario municipal de bens, e sitas nos montes denominados “Monte aberto e Penavia” na parroquia de Seavia.

O contrato menor que establece os obxectivos do estudo di o seguinte: “O obxecto do presente contrato é a redacción dun proxecto que recolla por un banda, a adecuación a normativa vixente en materia de distancias coas vías públicas das árbores existentes, e por outra banda, unha proposta de actuacións silvícolas, ambos puntos sobre as fincas que de seguido se relacionan:

Referencia catastral	Paraxe	Superficie (m2)
15029A04200529	Cruceiro	25.026
15029A04200703	Cruceiro	39.775
15029A04100448	Granxa	14.411
15029A04200667	Monte Aberto	10.319
15029A05900646	Penavia	10.119
15029A05900084	O Pinar	57.447
15029A04200538	Penavia	552
15029A04200539	Penavia	1.043
15029A04200544	Penavia	1.087
15029A04200559	Devesa	6.784
15029A04200568	Penavia	3.018
TOTAL		169.581

Unido ao anterior, nestas mesmas parcelas, levarase a cabo un estudio para determinar o criterio a seguir para reforestar con especies autóctonas a superficie que existe despoboadada. Deste xeito farase un maior e mellor aproveitamento dos recursos existentes e unha actuación total na zona.

NOTA: Observase que as superficies e lindes das parcelas da relación presentan variacións (lóxicas debido ás imprecisións catastrais) e hai parcelas circunscritas aos montes que tampouco figuran no listado anterior. Todos estes aspectos se aclararán neste proxecto.

As parcelas, arborezadas en parte, están ocupadas por circuíto de motocros e antigos vertedoiros incontrolados. As superficies forestais presentan deficiencias silvícolas e precisan de actuación de mellora e reforestación.

O termo municipal de Coristanco está catalogado como zona de especial risco de incendio forestal (ZER). En varias parcelas hai especies de crecemento rápido (eucaliptos e piñeiros) que ocupan as bandas de xestión de biomasa terciaria (pistas) e non compren coas distancias mínimas de plantación establecidas pola Lei de incendios forestais de Galicia.

OBXECTIVOS DO PROXECTO


Os obxectivos xerais do proxecto son:

- O estudo da adecuación das masas forestais a normativa vixente en materia de distancias coas vías públicas.
- A proposta de actuacións silvícolas (reforestación con especies de calidade ambiental e coidados de mellora) con fins de multifuncionalidade, sustentabilidade e biodiversidade.

Os obxectivos concretos son:

- Estudo administrativo: Identificación, localización e revisión das parcelas e lindes.
- Estudo legal da situación das parcelas con relación as distancias establecidas na lexislación sectorial forestal sobre prevención de lumes.
- Estudo do medio natural e forestal das parcelas para a mellor elección de especies para a forestación.
- Inventario forestal das masas forestais afectada por tala por aplicación da lei de Incendio.
- Estimación do volume e valor da madeira a cortar.
- Planificación forestal: deseño de plan de reforestación e recuperación ambiental de zonas rasas e de coidados silvícolas de mellora nas zonas arborizadas.
- Deseño de obras complementarias de mellora do territorio.

A función preferente do monte é a **ambiental, recreativa e social**.



CONDICIONANTES DO PROXECTO

Segundo avaliación inicial previa, os terreos reúnen as seguintes características:

1. Están incluídos en zona de alto risco de incendio (ZER) que condicionan as distancias establecidas na Lei sobre faixas de xestión de biomasa.
2. O arborado que ocupa as faixas terciarias (rede de pistas) incumpre a normativa sobre distancias e tipo de arborado. Son especies de crecemento rápido situado a menor distancia da permitida. Se deben eliminar, procesar e substituír por frondosas á distancia oportuna (2 m.).
3. Hai parcelas lindantes clasificadas como SRPA. Se deben crear bandas de distancia suficiente libre de vexetación arbórea (8 m.)
4. En toda a superficie, e con distribución variable, existen especies de crecemento rápido (Eucaliptus glóbulus) a eliminar e substituír por especies autóctonas de maior beneficio ambiental e socio-recreativo.
5. Existen masas de piñeiral de rexeneración natural e artificial non coidados e que precisan de actuacións de mellora -rareo, poda e trituración de restos- . Tamén requiren o enriquecemento mediante reforestación con frondosas autóctonas.
6. Hai masas de piñeiro radiata e pinaster envellecidas e decrepitas (abundantes pes mortos e con problemas sanitarios) que sobre pasaron a quenda de corta. Precisan tala sanitaria de policía e substitución.
7. As masas de frondosas autóctonas existentes precisan de coidados silvícolas: selección de gromos, talla e poda e tratamento de restos.
8. Hai abundancia de depósitos de escombros e lixo. Requírese o tratamento (transporte enterrado) e nivelación posterior do terreo.
9. A presenza de motocros nos dous montes conforma un terreo irregular improdutivo que se debe acondicionar e acoutar para facilitar a recuperación forestal. A reforestación será con especies colonizadoras resistentes colonizadoras resistentes (repoboación mista conífera/frondosa).
10. O exercicio do motocros debese acoutar e limitar en zonas concretas para garantir a rexeneración das zonas repoboadas.
11. Existe un cargadoiro de madeira a delimitar e separar de área de lecer a acondicionar.
12. As zonas arborizadas ralas (con solo máis evolucionado) se poden enriquecer con frondosas e as zonas a talar (tamén con chan profundo) pódense recuperar con especies frondosas.
13. Existen solos con aptitude para reforestar con castiñeiro híbrido micorrizado a marcos anchos (5 x 5 m) para produción mista de froito e cogomelos
14. A rede de pistas e camiños precisa de mellora e acondicionamento de novos trazados que posibiliten o desfrute recreativo.
15. Os terreos a repoboar teñen parcialmente afeccións distintas as forestais (200 m. de afección por cursos de auga). As cortas e plantacións se comunicarán ao organismo de conca "Augas de Galicia".

Ver visor de aproveitamentos forestais <http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos>.

TÍTULO E CONTIDO DO PROXECTO

O proxecto denomínase "*PROXECTO DE POSTA EN VALOR E ADAPTACIÓN A NORMATIVA VIXENTE DAS 16,95 ha. (17,55 ha) DOS MONTES DE SEAVIA. CORISTANCO (A CORUÑA)*".

En termos xerais consiste na restauración forestal e medioambiental dos montes de Seavia e de adecuación á normativa sobre xestión de biomasa.

En concreto consta de:

1.- TRABALLOS PREVIOS PREPARATORIOS

- ELIMINACIÓN DE RESIDUOS DE CORTA
- ELIMINACIÓN DE RESTOS DE OBRA
- MOVEMENTOS DE TERRA E NIVELACIÓN DE TERREOS
- DESBROCES

2.- CREACIÓN DE FAIXAS TERCIARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA

- FAIXAS DE FRONDOSAS AUXILIARES DE PISTA

3.- REFORESTACIÓN E INSTALACIÓN DE PRADEIRAS

- REFORESTACIÓN DE ENRIQUECEMENTO CON FRONDOSAS BAIXO PIÑEIRAL
- REFORESTACIÓN COLONIZADORA EN ÁREAS DEGRADADAS (VERTEDORIOS)
- PLANTACIÓN DE SOTOS DE CASTIÑEIRO MICORRIZADO
- RECUPERACIÓN DE BOSQUE HIDRÓFILO
- FORESTACIÓN PAISAXÍSTICA POR BOSQUETES
- IMPLANTACIÓN PASTIZAL

4.- COIDADOS SILVÍCOLAS

- MELLORA DE MASAS DE CONÍFERAS
- MELLORA DE MASAS NATURAIS DE FRONDOSAS

5.- OBRAS COMPLEMENTARIAS DE PROTECCIÓN E ACCESO

- AMOLLOAMENTOS
- CAMIÑOS E SENDEIROS

6.- ÁREAS DE LECER

- PECHES
- PLANTACIÓNS
- MOBILIARIO RÚSTICO

I.2.- ESTADO LEGAL

2.1.- PROPIEDAD

Os terreos obxecto de estudo e actuación pertencen ao concello de Coristanco. Localízanse na parroquia de Seavia e nos lugares denominados “Monte Aberto” e “Penavia”.

Constan de 12 parcelas agrupadas en dous cotos redondos principais e una parcela lixeiramente separadas. Ver táboa resumo.

Segundo información municipal, están inscritas no inventario de bens do concello.

2.2.- RELACIÓN DE PARCELAS: LOCALIZACIÓN E IDENTIFICACIÓN CATASTRAL E SIXPAC

A relación inicial de parcelas é a seguinte:

REFERENCIA	Paraxe	IDEN SIXPAC	USO	QUAL	SUP (m2)	Coordenadas	
						X	Y
15029A04200529	Cruceiro	15-29-0-0-42-529	PA	SRPF (forestal)	25.026	520849	4778159
15029A04200703		15-29-0-0-42-703	FO/PA		39.775	520767	4778515
15029A04200667	Monte Aberto	15-29-0-0-42-539	FO/PA		10.319	520851	4778016
15029A04200559	Devesa	15-29-0-0-42-559	FO		6.784	520895	4777972
15029A04100448	Granxa	15-29-0-0-41-448	FO/PA		14.411	521378	4778404
15029A04200538	Penavia	15-29-0-0-42-538	FO		552	521275	4778395
15029A04200539		15-29-0-0-42-539	FO		1.043	521303	4778378
15029A04200544		15-29-0-0-42-544	FO		1.087	521305	4778252
15029A05900084	O Pinar	15-29-0-0-59-84	VI/PA/TA		57.447	521456	4778232
15029A05900083		15-29-0-0-59-83	FO/PA		3.216	521560	4778164
15029A04200568	Penavia	15-29-0-0-42-568	FO		3.018	521341	4778051
15029A05900646		15-29-0-0-59-646	FO/PA		10.119	521278	4777810
TOTAL m ²					17.5450		
TOTAL m ²					17,55		

NOTA: A parcela 15029A059000083 é de propiedade municipal, forma coto redondo no monte de Penavia e foi omitida da relación inicial. Malia todo, inclúese no estudo.

A superficie total do proxecto será de 175.450 m².(17,54 ha)

2.3.- REVISIÓN DE SUPERFICIES

As superficies catastrais poden diferir das cabidas reais. Tamén existen erros na delimitación das parcelas.

Fíxose una revisión cartográfica histórica dos predios (desde o catastro de 1954 -voo americano- ata a última orto foto (PNOA máxima actualidade do ano 2017).

Aprécianse variacións superficiais e de lindeiros e nalgunha parcela a diferenza de límites é maior (caso da nº 559).

O resultado da revisión resúmese na seguinte táboa:

MONTE	POL PARC	REF. CAT	PARAXE	SUP (m2)	SUP (ha)	SUP REAL (ha)	DIF. (m ²)
MONTE ABERTO	42_529	15029A04200529	Cruceiro	25.026	2,5026	2,5196	170
	42_703	15029A04200703		39.775	3,9775	4,1942	2167
	42_667	15029A04200667	Monte Aberto	10.319	1,0319	1,0019	-300
	42_559	15029A04200559	Devesa	6.784	0,6784	0,3221	-3563
PENAVIA	41_448	15029A04100448	Granxa	14.411	1,4411	1,3862	-549
	42_538	15029A04200538	Penavia	552	0,0552	0,1760	1208
	42_539	15029A04200539		1.043	0,1043	0,1027	-16
	42_544	15029A04200544		1.087	0,1087	0,1081	-6
	59_84	15029A05900084	O Pinar	57.447	5,7447	5,8500	1053
	59_83	15029A05900083		3.216	0,3216	0,3043	-173
	42_568	15029A04200568	Penavia	3.018	0,3018	0,3162	144
	42-646	15029A05900646		10.119	1,0119	1,2637	2518
TOTAL				169.581	16,9581	17,55	5869

A superficie real despois da revisión resulta en 17,55 ha. habendo un superávit de 0,5869 ha.

Dentro das actuacións se contempla a localización e colocación de 6 marcos para o deslinde da parcela 559 (Devesa).

2.4.- LEXISLACIÓN SECTORIAL

Os montes municipais de Seavia lindan con estradas, zonas de dominio público hidráulico e solo rústico de protección agropecuaria.

Os traballos de aproveitamento forestal e de reforestación estarán condicionados pola lexislación sectorial que se pasa a analizar.

2.4.1.- FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA

Normativa:


Lei 3/2017 de prevención e defensa contra incendios de Galicia.

Leis de medidas fiscais e administrativas. Modificación da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Art.20.5. As redes terciarias de xestión de biomasa localízanse nos terreos forestais.....e están vinculadas as infraestruturas de uso público, así como as seguintes infraestruturas de prevención e defensa contra incendios forestais: camiños, vías, pistas forestais, ...

Art. 22. Nas pistas/estradas de 5 m. e a lo menos unha cuneta, non poderá haber especies arbóreas da disposición adicional 3ª (pinos, eucaliptos e acacias) a unha distancia menor Si poderá haber frondosas caducifolias (carballo, bidueiro, castiñeiro, ameneiro, etc.) a una distancia de **2 m.**

A xestión de biomasa consiste na creación de descontinuidade vertical e horizontal. As especies a efectos de xestión de biomasa son: coníferas (Piñeiro do país, radiata, silvestre ou de Oregón), frondosas invasoras (acacias), eucaliptos e matogueira pirofita de degradación (toxos, xestas, uces, silvas ou fentos).




2.4.2.- DISTANCIAS DE PLANTACIÓN

Normativa:

Lei 7/2012 de 28 de xuño de montes de Galicia

Art. 68.1 .Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais. Anexo II. c): "Con zonas dedicadas a labradío, prados ou pastos non clasificados como de especial protección agropecuaria": **4 m.** cando se empreguen especies frondosas del anexo I e **10 m** para el resto de especies.

En terreos colindantes con **SRPA** (solo rústico de protección agropecuaria) segundo o PXOM, todas as especies arbóreas estarán separadas **10 m.**



Elaboración propia


2.4.3.- DOMINIO PÚBLICO HIDRAULICO

Normativa:

Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia

Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.


ORDE do 25 de marzo de 2020, conxunta da Consellería do Medio Rural, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, pola que se aproban os pregos de condicións aos cales se deberán suxeitar os aproveitamentos madeireiros das especies recollidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, en terreos suxeitos a algún réxime de protección ou afectados pola lexislación de protección do dominio público.



A zona de servidume é a franxa lindante co cauce de 5 m. de largo, reservada para vixilancia, pesca e salvamento. Presenta grandes restricións e precisase de autorización para calquera actuación.

A zona de policía e a banda lateral de 100 m. a cada lado do cauce onde os usos están condicionados.

Varias parcelas dos montes de Seavia están afectadas pola zona de policía. **As labores de tala requirirán dunha declaración responsable** segundo a nova lexislación da Orde de 25 de marzo de 2020.



2.5.- RELACIÓN DE AFECCIÓNS

- Afeccións Lei de Incendios de Galicia: 0,87 ha. Das cales 0,78 están ocupadas por especies arbóreas. Se talarán as coníferas y eucaliptos y se substituirán por especies de frondosas caducifolias (bidueiro ou carballo americano a una distancia mínima de 2 m. (bandas de 8 m.).
- Afeccións Lei de Montes de Galicia (distancias de plantación): 0,54 ha. Non se poderán ocupar por especies arbóreas (banda de 10 m.).
- Afeccións Lei de Augas: 1,33 ha. en zona de policía (1,09 forestadas). A tala require Declaración Responsable ante Consellería M R..


MONTE	POL/ PARCELA	REF. CAT	PARAXE	SUP	SUP. FAIXAS PISTAS		SUP. SRPA	SUP. AUGAS -DPH-	
					AFECTADA	ARBORIZADA	AFECTADA	AFECTADA	ARBORIZADA
MONTE ABERTO	42_529	15029A04200529	Cruceiro	2,5196	0,1563	0,1563			0,1563
	42_703	15029A04200703		4,1942	0,0782	0,0782	0,3029	0,1979	0,0295
	42_667	15029A04200667	Monte Aberto	1,0019	0,2005	0,11342			
	42_559	15029A04200559	Devesa	0,3221	0,1086	0,1086			
PENAVIA	41_448	15029A04100448	Granxa	1,3862	0,1083	0,1083	0,2348	0,029	0,029
	42_538	15029A04200538	Penavia	0,1760	0,0361	0,0361		0,0829	0,057
	42_539	15029A04200539	Penavia	0,1027	0,0243	0,0243		0,1027	0,1027
	42_544	15029A04200544	Penavia	0,1081				0,1081	0,1081
	59_84	15029A05900084	O Pinar	5,8500	0,158	0,158			0,3042
	59_83	15029A05900083	O Pinar	0,3043					
	42_568	15029A04200568	Penavia	0,3162					
	42-646	15029A05900646	Penavia	1,2637				0,809	0,2982
TOTAL				17,5450	0,8703	0,78322	0,5377	1,3296	1,085

TIPO AFECCIÓN	SI/NON	TIPO AFECCIÓN	SI/NON
Zonas protection lateral Cº Santiago	N	Rede Natura 2000	N
Obxectos ou restos do Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia	N	Especies ameazadas	N
Afección oficial doenzas ou pragas	N	Directiva Hábitats	N

I.3.- ESTUDIO DO MEDIO

3.1.- USO DO SOLO

USOS DO SOLO		SUP. (ha)
MONTE	Especies forestais arbóreas Fcc > 20%;	5,27
AGRÍCOLA	Cultivos, prados, pastizais	
ARTIFICIAL.INFORESTAL	Canteiras, edificacións	1,87
HUMEDAL	Zonas con problemas de drenaxe	0,38
AUGA		
PASTO ARBUSTIVO-MONTE RALO	Monte con Fcc<5 % e matogueira	10,03
		17,55



O 87 % da superficie dos montes de Seavia é forestal e o 30 % da superficie total está arborizada.

O resultado final da actuación suporá a reforestación de **7,75 ha.** e a mellora de 2,38 de piñeirais e masas de frondosas.

3.2.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO MONTE. ACCESOS

Desde o punto de vista xeográfico, as coordenadas U.T.M nos accesos aos montes son os seguintes:

MONTE	COOR. X	COOR Y
Monte Aberto	520775	4777997
Penavia	521359	4778369

O acceso ao Monte aberto realízase desde o núcleo de Seavia en dirección á Rabadeira. O acceso ao monte de Penavia pola estrada a Amboade.

3.3.- XEOMORFOLOXÍA

ALTIMETRÍA, PENDENTES E ORIENTACIÓN

MONTE	POL/ PARCELA	PARAXE	SUP REAL (ha)	ALTITUDE	PENDENTE	ORIENTACIÓN
MONTE ABERTO	42_529	Cruceiro	2,5196	260	5,7	ATV
	42_703		4,1942	250	15,2	SOLAINA
	42_667	Monte Aberto	1,0019	260	11,6	ATV
	42_559	Devesa	0,3221	260	11,2	ATV
PENAVIA	41_448	Granxa	1,3862	250	10,6	ATV
	42_538	Penavia	0,1760	250	19,6	ATV
	42_539	Penavia	0,1027	250	10,9	ATV
	42_544	Penavia	0,1081	250	20	ATV
	59_84	O Pinar	5,8500	265	20,3	AVESEDO
	59_83	O Pinar	0,3043	265	12,6	ATV
	42_568	Penavia	0,3162	255	28,9	SOLAINA
	42-646	Penavia	1,2637	255	21,6	SOLAINA
			17,5450		15,61	

A altitude media dos montes e de 255 m. A pendente media do 16 % que permite a mecanización e a exposición predominante é a solaina e a todos os ventos, o que determinada o maior aproveitamento de luz e menor incidencia de xeadas.

3.4.- EDAFOLOXÍA

LITOLOXÍA

UNIDADE XEOLÓXICA	UNIDADE DE BAZAR. ANFIBOLITAS. (METABASITAS EN FACIES ANFIBOLITA, LOCALMENTE EN GRANULITA)
DOMINIO PALEOXEOLÓXICO_N2	COMPLEXOS MÁFICOS E ULTRAMÁFICOS (COMPLEXOS ALÓCTONOS)
IDADE-PERÍODO	PRECÁMBRICO
IDADE-MA	> 570 m.a.
DESCRIBIÓN	Tamén chamadas anfibolitas de Carballo. Dan lugar a un relevo suave ás veces en penechaira. Con xistosidade moi definida. Moi homoxéneas. Ás veces de tons verdes moi escuros sendo xa hornblenditas. Ás veces con bandeado claro por acumulación de plaxioclasa
ESTRUTURA	XISTOSA
REACCIÓN	ROCHAS BÁSICAS E ULTRABÁSICAS

A anfibolita é un tipo de rocha metamórfica composta por anfíboles. Son as rochas máis antigas con idades de 4300 millóns de anos. Están emparentadas con ígneas primarias como basaltos e gabros.

PROFUNDIDADE E PEDREGOSIDADE

O terreo ten profundidades variables segundo as parcelas. Algunhas como no monte de Penavia son reducidas e foron obxecto de aproveitamento como canteira. En montes arborizados a profundidade do solo é maior e poderán ser obxecto de rexeneración forestal.

MONTE	POL/PARC	PROFU.	PEDREGOS	COMPAC	OBSERVACIÓNS
MONTE ABERTO	42_529	MEDIA		ALTA	VERTEDOIRO-MOTOCROS
	42_703	MEDIA-ALTA		MEDIA	
	42_667	MEDIA		ALTA	VERTEDOIRO-CARGADEIRO
	42_559	MEDIA		MEDIA	
PENAVIA	41_448	MEDIA	MEDIA		
	42_538	BAIXA	ALTA		
	42_539	BAIXA			
	42_544	ALTA			
	59_84	MEDIA	ALTA		CANTEIRA MOTOCROS
	59_83	MEDIA			ATV
	42_568	ALTA			SOLAINA
	42-646	ALTA			PARTE INFORESTAL

Descontando as superficies inforestais (par.84 e 646), o resto das superficies son mecanizables.

3.5.- HIDROGRAFÍA

O Monte Aberto está afectado pola zona de policía (100 m.) do Rego de Segufe e o Monte de Penavia polo Rego de Seavia.

En este último monte hai una zona con capa freática alta encharcadiza de 0,38 ha. (parcela 84) que será reforestada con especies hidrófilas (bidueiro, ameneiro e avelaira).

3.6.- CLIMATOLOXÍA

A caracterización do clima e a súa comparación cos caracteres culturais das especies forestais permiten una boa elección de especie para a reforestación e tamén determinar a conveniencia das especies presentes.

A partir dos datos meteorolóxicos da estación máis preta e representativa, se realiza un análise das precipitacións, temperaturas e outros factores climáticos, a partir dos cales se confeccionan os índices e gráficos bioclimáticos.

ELECCIÓN DE OBSERVATORIOS

Seleccionase a estación de Carballo en base aos seguintes criterios: Proximidade, número suficiente de anos consecutivos de medición e semellanzas de orientación e altitude co monte.

NOM	COORDENADAS		ALTITUDE m	Nº DE ANOS		TIPO
	LAT.	LONG.		T	P	
Carballo	42° 47'	9° 05'	230	9	11	T

ANÁLISE TERMOPLUVIOMÉTRICO

Os datos térmicos da estación meteorolóxica seleccionada son os seguintes:

DATOS DE TEMPERATURAS													
Mes	X	F.	M.	A.	M	X	X.	A.	S.	O	N	D	Med. Anual
t	8.8	8.0	9.8	10.4	13.7	15.2	16.9	16.5	15.8	14.8	10.8	10.4	12.6
tm	5.8	5.0	6.0	6.2	8.9	10.0	12.0	11.2	11.3	10.8	6.9	7.1	8.4
tM	11.9	10.9	13.5	14.6	18.6	20.3	21.7	21.8	20.2	18.8	14.6	13.8	16.7
Tm	2.4	1.0	3.3	3.2	5.6	6.1	6.8	7.9	7.7	6.6	3.4	4.0	4.8
TM	16.4	16.0	18.9	20.7	25.3	27.6	29.8	28.8	27.5	24.7	19.3	17.5	22.7

Sendo:

t: temperatura media (°C), tm: temperatura media das mínimas(°C),tM: temperatura media das máximas(°C) Tm: temperatura das mínimas absolutas(°C), TM: temperatura das máximas absolutas(°C).

Os datos pluviométricos de la estación meteorolóxica seleccionada son los seguintes:

DATOS DE PLUVIOSIDADE													
Mes	X	F.	M.	A.	M	X	X.	A.	S.	O	N	D	Total, Anual
P	229	195	215	130	124	98	43	75	145	128	206	213	1801
ETP	22	29	54	72	106	110	123	103	55	42	23	24	763
D	329	295	315	230	224	198	131	83	145	219	306	313	2698
s	206	166	161	58	18					76	183	189	1059
d								20					20
d.a								20					

Sendo:

P: precipitación (mm), ETP: Evapotranspiración potencial (mm), D: Disponibilidade hídrica (mm), s: exceso de precipitación (mm), d: déficit de precipitación (mm), d.a: déficit acumulado (mm)

OUTROS FACTORES CLIMÁTICOS: SECA

O período de seca do verán comprende os meses de xullo e agosto:

SECA ESTIVAL EN FUNCIÓN DA PRODUCCIÓN	M	J	J	A
				0.25

DIAGRAMAS BIOCLIMÁTICOS. PRODUCTIVIDADE BIOCLIMÁTICA

Inténtase cuantificar a relación entre o clima e a vexetación, e máis concretamente coñecer a actividade vexetativa que o clima local é capaz de producir (Intensidade bioclimática) e que se considera moi relacionada co aproveitamento da auga.

Para a produción forestal hai una temperatura mínima de 7,5°C, para una “máxima actividade vexetativa estable”. A Intensidade bioclimática Potencial IBP expresase en unidades bioclimáticas UBC, sendo:

$$1 \text{ ubc} = t - 7,5 / 5 \text{ onde } t \text{ é a temperatura media mensual en } ^\circ\text{C}.$$

A IBL na estación de carallo é de 7,73 u.b.c

Non montes de Seavia non hai limitación para a produción. A transformación da IBL en m3/ha/ano determina as seguintes produtividades:

ESPECIE	ÍNDICE TRANSFORMACIÓN	PRODUCCIÓN (m3/ha/ano)
Eucalipto	2	15,46
Pinus pinaster	1	7,73
Pinus radiata	1,5	11,60
Carballo americano	0,4	3,09
Castiñeiro	0,8	6,18
Bidueiro	0,4	3,09
Carballo	0,4	3,09

Isto quere dicir que a produción dos Montes de Seavia pode acadar os 7,73 me/ha/ano con Piñeiro do país e os 6,18 con castiñeiro.


Non obstante, o obxectivo do proxecto non é produtivo senón de recuperación ambiental. Malia que interesa un rápido crecemento da masa para a pronta consecución dos obxectivos.

3.7.- ESTUDO DA VEXETACIÓN

3.7.1.- VEXETACIÓN ACTUAL

ARBÓREA

TIPO	ESPECIES		SUP	IDADE	Fcc	ESTADO	
	PRINCIPAL	ACCES.				SILVÍC.	SANIT.
PIÑEIRAL NATURAL	Pinus pinaster	bidueiro, castiñeiro, salgueiro, loureiro	2,13	10-40	> 20	DEFICIENTE	MALO
PIÑEIRAL ARTIFICIAL			0,98	14	10_20		
ALIÑACIÓN CONÍFERAS	Pinus insignis		0,16	40	> 20	En quenda	
EUCALIPTAL	Eucaliptus glóbulus		1,67	20		En quenda	
MASA NATURAL FRONDOSAS	Quercus robur		0,33	> 50	> 20	DEFICIENTE	
			5,27				



Observacións:

- As masas de eucalipto ocupan 1,67 ha. Están en quenda de corta e se eliminan para a substitución por frondosas autóctonas.
- As masas de rexeneración natural de Piñeiro do país ocupan 2,13 ha. En moitas parcelas están en quenda de corta ou presentan estado fito sanitario deficiente. Precísase tala e/ou mellora mediante coidados silvícola. Ocupan zonas das faixas terciarias de xestión de biomasa polo que se deben cortar e substituír opor frondosas caducifolias.
- As repoboacións artificiais de p. pinaster ocupan 0,98 ha. Precisan de tala nas zonas de xestión de biomasa e rareo para a forestación posterior de enriquecemento.
- Os bosques naturais de frondosas autóctonas non tiveron coidados silvícolas. Precisan de mellora mediante selección de gromos, poda e tratamento de restos.

ARBUSTIVA E MATOGUEIRA

A vexetación actual está formada por un estrato sub-arbustivo de matorral heliófilo. En parcelas máis evolucionadas (544) está substituída por estrato arbustivo de Loureiro (*Laurus nobilis*).

NON EXISTEN ESPECIES DECLARADAS COMO INVASORAS (*Acacia melanoxylon*), aínda que se observa a posible proliferación en zonas recentemente aclaradas o que favorece a súa propagación.

O mato heliófilo que pobo a zona a repoboar é homoxéneo e está formado principalmente por: *Ulex europaeus*, *Erica cinerea*, *Erica umbellata*, *Calluna vulgaris*, *Genista cinerea*, *Genista triacanthos*, *Genistella tridentata* y *Halimium alyssoides*. Nos terreos de mellor calidade aparecen con frecuencia: *Pteridium aquilinum*, *Cistus salvifolius*, *Ulex minor*, *Cytisus striatus*, *Rubus sp.* e *Frángula alnus*, etc. A altura media é > 1 m.

Nome Vulgar	Nome científico	Talla (m)
Toxo macho	<i>Ulex europaeus</i>	1
Erica	<i>Erica sp.</i>	0,50
Uz	<i>Calluna vulgaris</i>	0,30
Silva	<i>Cytisus striatus</i>	2

3.7.2.- VEXETACIÓN POTENCIAL

O estudo da vexetación potencial faise en base aos criterios de RIVAS- MARTÍNEZ (Memoria do Mapa de Series de Vexetación). Serve para facer una elección axeitada de especie para a forestación segundo criterios biolóxicos e ecolóxicos.

BIOXEOGRAFÍA

Segundo a localización bioxeográfica, aos montes de Seavia correspóndenlle as seguintes unidades corolóxicas:

- Rexión EUROSIBERIANA.
- Superprovincia ATLANTICA
- Provincia CANTABROATLANTICA
- Subprovincia ASTUR-GALAICA
- Sector GALAICO-PORTUGUÉS.
- Subsector MINENSE.

SERIES DE VEXETACIÓN

A zona pertence á **serie colina galaico-portuguesa acidófila do carballo *Quercus robur*** (*Rusco aculeatii- Querceto roboris sigmetum*), robledales acidófilos, (Serie 8c).

A serie colina do carballo presenta como clímax una carballeira densa de carballos (*Quercus robur*), con frecuente presenza de rebolo (*Quercus pyrenaica*), acibros (*Ilex aquifolium*), casiñeiros (*Castanea sativa*), loureiros (*Laurus nobilis*) e sobreiras (*Quercus suber*).

Como sotobosque hai un estrato arbustivo máis ou menos denso de elementos mediterráneos (*Ruscus aculeatus*, *Daphne gnidium*, *Arbutus unedo*, *Viburnum tinus*, etc.) acompañado de outras

especies de área más amplia (*Pyrus cordata*, *Crataegus monogyna*, *Corylus avellana*, etc.). No estrato herbáceo aparece un bo número de plantas esciadófilas: *Teucrium scorodonia*, *Hypericum pulchrum*, *Holcus mollis*, *Asplenium onopteris*, *Luzula forsteri*, etc.). A degradación moderada dos bosques desta serie favorece a extensión de xestas oceánicas colinas e mesomediterráneas que se corresponde cunha xesteira alta de fentos, silvas e toxos (*Cytisus striatus*, *Ulex europaeus* sp. *latebracteatus*, *Pteridium aquilinum*, *Rubus lusitanus*, etc.).

As matogueiras degradadas están formadas por *Ulex minor*, *Ulex gallii*, *Ulex europaeus*, *Daboecia cantábrica*, *Erica cinerea*, *Erica umbellata*, *Calluna vulgaris*, *Agrostis curtisii*, *Halimium alyssoides*, *Thymus caespititius*, *Tuberaria globularifolia*, *Pseudoarrhenatherum longifolium* etc.

ETAPAS DE REGRESIÓN Y BIOINDICADORES DE RIVAS-MARTINEZ

Nombre de la serie	8c. Acidófila colina galaico-portuguesa del roble
Árbol dominante	<i>Quercus robur</i>
Nombre fitosociológico	<i>Rusco-querceto roboris sigzetua</i>
I. Bosque	<i>Quercus robur</i> <i>Ruscus aculeatus</i> <i>Pyrus cordata</i> <i>Physospermum cornubiense</i>
II. Matorral denso	<i>Cytisus striatus</i> <i>Ulex europaeus</i> <i>Arbustus unedo</i> <i>Rubus ulmifolius</i>
III. Matorral degradado	<i>Daboecia cantábrica</i> <i>Ulex minor</i> <i>Erica cinerea</i> <i>Haliioiua alyssoides</i>
IV. Pastizales	<i>Agrostis capillaris</i> <i>Avenula sulcata</i> <i>Anthoxanthum odoratum</i>

O estudo de Rivas Martínez permite, a través das táboas de xuízo biolóxicas e ecolóxicas facer una selección de especie.

TÁBOAS DE XUUIZO BIOLÓXICAS E ECOLÓXICAS SOBRE REPOBOACIÓNS (serie 8d)

Serie	<i>Pinus uncinata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	<i>Pinus nigra</i>	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus pinea</i>	<i>Pinus halepensis</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Eucalyptus globulus</i>	<i>Castanea sativa</i>	<i>Abies alba</i>	<i>Fagus sylvatica</i>
Biológica	-	d	-	p	d	-	p	p	p	-	-
Ecológica	-	d-	-	p-	d-	-	p-	p-	p+	-	-

Nota: p (biolóxicamente posible), d (biolóxicamente dubidoso), - (biolóxicamente negativo); p+ (posible positivo), p- (posible negativo), d+ (dubidoso positivo), d- (dubidoso negativo), - (negativo).

I.4.- ESTADO FORESTAL

4.1.- DIVISIÓN EN ESTRATOS. ADAPTACIÓN Á NORMATIVA DE DISTANCIAS

Existen 5 estratos arbóreos que se resumen na táboa:

TIPO	ESPECIES		SUP	IDADE	Fcc	ESTADO	
	PRINCIPAL	ACCES.				SILVÍC.	SANIT.
PIÑEIRAL NATURAL	Pinus pinaster	bidueiro, castiñeiro, salgueiro, loureiro	2,13	10-40	> 20	DEFICIENTE	MALO
PIÑEIRAL ARTIFICIAL			0,98	14	10_20		
ALIÑACIÓN CONÍFERAS	Pinus insignis		0,16	40	> 20		En quenda
EUCALIPTAL	Eucaliptus glóbulus		1,67	20			En quenda
MASA NATURAL FRONDOSAS	Quercus robur		0,33	> 50	> 20	DEFICIENTE	
			5,27				

4.2.- INVENTARIO E CUBICACION DE MADEIRA

DESEÑO DO INVENTARIO

Realízase un inventario forestal das seguintes masas:

- Masas arbóreas de coníferas e eucaliptos afectadas pola faixas terciarias de xestión de biomasa que deben ser taladas e substituídas por frondosas caducifolias. ADAPTACIÓN Á LEI DE INCENDIOS.
- Masas de eucalipto glóbulus (eucalipto branco) a eliminar para ser substituído por frondosas caducifolias.
- Masas de repoboación artificial de Pinus pinaster (Piñeiro do país) para rarear e reforestar enriquecendo con frondosas caducifolias.
- Masas naturais de Piñeiro do país que ocupan zona de motocros e que deben ser taladas para a nivelación e recuperación. Tamén se sinalan e inventarían os pes en turno ou quenda de corta, os enfermos, danados, bifurcados e dominados para o rareo e mellora da masa.

Tipo de inventario:

- Pe a pe con medición de diámetros (a 1,30 m.) e medición de alturas dos pes tipo.
- Sinalamento con spray indeleble biodegradable.

Equipos e medios:

- Enxeñeiro forestal e capataz.
- Forcípula centimétrica.
- Cinta.
- Hipsómetro Forestry Pro II.


RESULTADO DO INVENTARIO

PAR	P. RADIATA						P. PINASTER						E. GLÓBULUS						BIO MORTA
	N	V	€	D	H	BIO	N	V	€	D	H	BIO	N	V	€	D	H	BIO	
529							168	67,48	2359,65	26,58	14,90	5,23	8	7,91	395,26	33,75	24,90	0,38	
703							40	14,13	474,46	25,00	14,90	0,67	166	60,33	2980,16	21,08	17,50	2,37	
667	58	77,75	3360,62	44,1	18,3	5,73	40	4,14	170,79	14,38	12,00	0,62	14	15,56	789,32	32,50	22,90	0,6	
559													255	29,72	1427,22	15,25	13,70	1,63	
448							207	171,94	7672,73	36,09	16,80	13,58	11	15,93	645,93	39,09	26,70	0,75	27,69
538							39	31,77	1390,62	35,90	16,80	2,53	16	6,21	300,97	21,56	17,50	0,24	
539							8	7,12	322,10	37,50	17,50	0,58	48	16,32	804,59	20,42	17,50	1,4	
544							16	26,52	1362,65	52,50	18,80	2,53							
84							64	52,71	2221,16	37,19	16,80	4,49	102	55,14	2766,88	23,63	20,50	1,94	
83													23	2,11	101,41	14,57	13,70	0,13	
568													236	27,52	1320,88	15,25	13,70	1,51	
646												3,71	580	67,63	3246,22	15,25	13,70	3,71	
	58	77,75	3360,62	44,1		5,73	582	375,81	15974,16			33,94	1459	304,38	14778,84			14,66	27,69


RESUMO

ESPECIE	PES	VOL	VALOR	BIOMASA	BIOMASA MORTA
P-. RADIATA	58	77,75	3360,62	5,73	
P. PINASTER	582	375,81	15974,16	33,94	27,69
EUCALITP	1459	304,38	14778,84	14,66	
	2099	757,94	34113,62	54,33	27,69


O **número total de pes** a extraer mediante tala final das faixas de xestión de biomasa e outras, cortas de policía ou claras é de **2099** distribuídos seguindo o gráfico.




O **volumen total** a extraer mediante tala final das faixas de xestión de biomasa e outras, cortas de policía ou claras é de **757,94 m3** distribuídos seguindo o gráfico:



O valor total da madeira en cargadoiro é de **34086,62 €** distribuídos segundo o gráfico:



O peso total de biomasa residual verde é de **54,33 tm**. a biomasa de pes mortos é de **27,69 tm** (parcela 448).



NOTA IMPORTANTE: INSTRUMENTO DE XESTIÓN

Segundo a lexislación actual forestal o Monte de Seavia debería contar con Instrumento de Xestión Forestal.

4.3.- VALORACIÓN DE MADEIRA

4.3.1.- FÓRMULA DE CÁLCULO DO VALOR DA MADEIRA EN PE

O valor da madeira en pe é un valor residual que resulta de deducir o prezo do produto en fábrica ou cargadeiro dos custes de todas as fases do aproveitamento.

O aproveitamento forestal habitual consta das seguintes fases: apeo, procesado e desramado e tronzado) e tratamento de restos.

A fórmula é a seguinte:

$$Pf=Ct+Cp+Ca (1+CE1) (1+B)$$

Onde:

Pf	Prezo da madeira en pe	
Cp	Prezo da madeira en fábrica	
Ct	Coste do transporte	
Ca	Coste do aproveitamento	
CE1	Costes estruturalas y gastos indirectos de la empresa de explotación forestal	15 %
B	Beneficio industrial de la empresa de explotación	7 %

4.3.2.- PREZOS DA MADEIRA EN CARGADEIRO

Os prezos de madeira en cargadeiro de referencia se toman da Asociación forestal de Galicia AFG en 2019 en €/m3 segundo destino (clasificada) e en cargadeiro con casca.

Para as distintas especies son os seguintes:

Configuración de destinos PIÑEIRO (P. Pinaster/ P. radiata)				
Descrición	Prioridade	<i>d_{imin}</i> (cm)	<i>l_{troza}</i> (cm)	Prezo (€/m³)
Destino 1	1	38	250	62
Destino 2	2	30	250	46
Destino 3	3	19	250	32
Destino 4	4	10	250	28

Configuración de destinos EUCALIPTO (E. glóbulus)				
Descrición	Prioridade	<i>d_{imin}</i> (cm)	<i>l_{troza}</i> (cm)	Prezo (€/m³)
Destino 1	1	35	250	53
Destino 2	2	10	250	48
Destino 3	3	10	250	20
Destino 4	4	10	250	9

4.3.3.- VALOR EN CARGADEIRO DA MADEIRA

ESPECIE	PES	VOL	COEF (TM/M3)	PESO	VOL UNITARIO	VALOR	VALOR U
P. RADIATA	58	77,75	0,95	73,86	1,34	3360,62	43,22
P. PINASTER	582	375,81	0,95	357,02	0,65	15947,16	42,43
EUCALIPTO	1459	304,38	1,17	356,12	0,21	14778,84	48,55
	2099	757,94		787,01		34086,62	

O volume total de madeira a apear é de 757,94 m3 que equivalen a 787,0i toneladas. (segundo factores de conversión del vol a peso)

O valor bruto da madeira en cargadeiro é de **34.086,62 €**

4.3.4.- CUSTES DO APROVEITAMENTO

Os custes do aproveitamento se calculan a partir das fórmulas de tempos e tarifas do Prontuario forestal do Colexio e asociación de Enxeñeiros de Montes e enxeñeiros Técnicos Forestais.

ESPECIE	APEO	DESR	TRONZADO	SACA	ELIMINACIÓN RESTOS	SUMA	COSTE TOTAL AAFF	VALOR EN PE
P. RADIATA	1,37	4,14	1,88	4,01	3,05	14,45	17,20	26,02
P. PINASTER	1,50	4,37	2,08	4,01	7,25	19,21	22,86	19,58
EUCALIPTO	2,04	5,28	2,87	4,01	2,19	16,39	19,50	29,05

Os custes de aproveitamento son de **17,20; 22,86 e 19,50 €/m3** segundo especie descontando os custes do aproveitamento que inclúen obrigatoriamente a trituración de restos con desbrozadora de martelos.

O valor neto da madeira é de 26,02€/m3 para Piñeiro radiata, 19,58 €/m3 para Piñeiro do país e de 29,05 €/m3 para eucalipto.

4.3.5.- RESUMO DO VALOR DA MADEIRA EN PE

PES	VOL	COEF	PESO	PREZO	VALOR TOTRAL
58	77,75	0,95	73,86	26,02	2023,29
582	375,81	0,95	357,02	19,58	7356,89
1459	304,38	1,17	356,12	29,05	8842,48
2099	757,94		787,01		18222,66

O valor total da madeira en pe ascende a 18222,66 € sen impostos. Supón un valor medio por tonelada de 23,15 €.

NOTA: VER ADENDA APARTE SOBRE CUBICACIÓN E VALORACION DA MADEIRA.

I.5.- APEO DE RODAIS. ZONIFICACIÓN

Da correcta clasificación de mouteiras depende unha idónea distribución de especies, a elección dos métodos de preparación axeitados e un mellor cálculo do orzamento.

As mouteiras (7 rodais de forestación e 2 rodais de silvicultura) son superficies de características homoxéneas que levarán a mesma especie e método e actuación.


Atendendo as características fisiográficas, floxísticas e afeccións, propónse a seguinte clasificación de mouteiras:

MOUTEIRAS DE FORESTACIÓN

MONTE	POL/ PARCELA	MOUTEIRA OU RODAL		1	2	3	4	5	6	7
		PARAXE	SUP REAL (ha)	FAIXAS AUX. PISTA	FORES. ENRIQUEC.	FORES. ÁREAS DEGRADADAS	PLANT. SOUTOS	FOREST. BOSQUE HIDRÓFILO	FOREST. PAIXAXE	IMPLANT. PASTIZAL
MONTE ABERTO	42_529	Cruceiro	2,5196	0,1563	0,6981	1,663				
	42_703		4,1942	0,0782	0,6766		0,34		0,1238	2,4045
	42_667	Monte Aberto	1,0019	0,1193	0,1405					0,0707
	42_559	Devesa	0,3221						0,3195	
PENAVIA	41_448	Granxa	1,3862	0,1687					0,6423	
	42_538	Penavia	0,1760	0,0361	0,1395					
	42_539	Penavia	0,1027	0,0243					0,0789	
	42_544	Penavia	0,1081							
	59_84	O Pinar	5,8500	0,158	0,4115		0,1601	0,3795	0,291	
	59_83	O Pinar	0,3043				0,304			
	42_568	Penavia	0,3162						0,3165	
	42-646	Penavia	1,2637						0,3233	
			17,5450	0,7409	2,0662	1,663	0,8041	0,3795	2,0953	2,4752

MOUTEIRAS DE SILVICULTURA

		MOUTEIRA		S1	S2
MONTE	POL/ PARCELA	PARAXE	SUP REAL (ha)	MELLORA CONÍFERAS	MELLORA FRONDOSAS
MONTE ABERTO	42_529	Cruceiro	2,5196	0,8421	
	42_703		4,1942	0,3703	0,149
	42_667	Monte Aberto	1,0019	0,1145	
	42_559	Devesa	0,3221		
PENAVIA	41_448	Granxa	1,3862		
	42_538	Penavia	0,1760		
	42_539	Penavia	0,1027		
	42_544	Penavia	0,1081		
	59_84	O Pinar	5,8500	0,7227	0,148
	59_83	O Pinar	0,3043		
	42_568	Penavia	0,3162		
	42-646	Penavia	1,2637		0,036
			17,5450	2,0496	0,333



DESCRIPCIÓN DAS MOUTEIRAS

Rodal 1_CREACIÓN DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA

- Ocupa 0,7409 ha.
- Corresponde coas faixas auxiliares de pista ou de xestión de biomasa terciaria das estradas de 5 m. con cuneta (asfaltadas ou non) en aplicación da normativa sobre incendios forestais.
- Poboadas con especies de crecemento rápido (piñeiro ou eucalipto) a eliminar.
- Solos forestais de calidade e profundidade media-alta.
- Actuacións: Corta a matarrasa, eliminación de restos (destoconado), trituración de restos con desbrozadora de cadeas e amoreado con astelado en zonas non accesibles.
- Reforestación con frondosas caducifolias (vidueiro) a raíz núa (1,25-1,50 m.) a marco real de 3,5 m., mediante aburatado mecánico (60x60x60) e implantación manual.

Rodal 2_REFORESTACIÓN DE ENRIQUECEMENTO DE FRONDOSAS BAIXO PINAR

- Ocupa 2,0662 ha.
- Corresponde coas masas de rexeneración natural de Piñeiro do país a conservar (aclaradas) e coas repoboacións artificiais a mellorar silvícolamente.
- Solos forestais de calidade e profundidade media-alta de alta aptitude para biodiversificación.
- Cortas de policía (eliminación de pes enfermos, bifurcados, etc.), clara mista ou rareo polo baixo e polo alto e eliminación de pes sobrantes no circuito de motocros. Corta a feito en parcelas en turno e con problemas fito sanitarios. Poda dos sobrantes e tratamento de restos.
- Reforestación de enriquecemento baixo cuberta de pino con frondosas autóctonas (carballo) a densidade de 325 pes/ha para completar espesura. Con plana a raíz núa de 1,20 a 1,50 m. aburatado mecánico e implantación vexetal manual.

Coincide con rodal de coníferas a mellorar (poda e trituración de restos).

Rodal 3_REFORESTACIÓN COLONIZADORA EN ZONAS DEGRADADAS

- Ocupa 1,663 ha.
- Corresponde con antigos vertedoiros e zonas de motocros. Solos compactados e de menor calidade..
- Labores previas de nivelación do terreo. descegado e enterrado de restos.
- Repoboación forestal colonizadora con especies frugales en envase a marco de 3,5 x 2, 5 o densidade de 1143 pes/ha. 66 % de Piñeiro do país e 33 5 de frondosas frugales (carballo/rebolo/sobreira) mesturas por golpes a xuízo da dirección de obra..
- Preparación do terreo profunda liñal por subsolaxe. implantación manual en envase. Coníferas de 15 Cm e frondosas de 35 cm.

Rodal 4_IMPLANTACIÓN SOUTOS DE CASTIÑEIRO MICORRIZADO

- Ocupa 0,804 ha.
- Corresponde cos solos de maior calidade e profundidade en aveseados e aptos para castiñeiro híbrido resistente a raíz núa.
- Obxectivo medioambiental produtor multifuncional de froito 8castaña) e cogomelos.
- Plantación frutal a marco real de 5 m. ou densidade de 400 pes/ha. aburatado mecánico e implantación de planta micorrizada a raíz núa maior a 1,50 m.

Rodal 5_RECUPERACIÓN BOSQUE HIDRÓFILO

- Ocupa 0,38 ha.
- Corresponde con terreos encharcadizos aptos para reforestar con especies hidrófilas: vidueiro, ameneiro, freixo, Avelaira.
- Recuperación do bosque en galería mediante implantación de vidueiro (92 %) e ameneiro, Avelaira e freixo no 8 % restante. Mesturado por golpes.
- Mediante aburatado a marco real de 4 m. (625 pes/ha). Vidueiro e ameneiro de 1,25-1,50 m de talla. Freixo e Avelaira en envase de 0,6 m.

Rodal 6_FORESTACIÓN PAISAXÍSTICA

- Ocupa 2,096 ha.
- Se corresponde con terreos forestais a apear. e zonas rasas de interese sociorecreativo.
- Solos de profundidade media-alta con aptitude para introdución de frondosas.
- Actuacións: Corta a matarrasa, eliminación de restos (destoconado), trituración de restos.con desbrozadora de cadeas e amoreado con astelado en zonas non accesibles.
- Reforestación con frondosas caducifolia: carballo americano (89 %) e pradairo ou arce (11 %) a raíz núa e máis de 1 m .
- Mediante aburatado en plantación a feito ou en bosquetes circulares de 10 m. de radio, segundo plano.

Rodal 7_IMPLANTACIÓN PASTIZAIS

- Ocupa 1 ha.
- se corresponde con áreas de interese visual que non interesa ocupar con especies arbóreas. Nas parcelas 529 e 703, e en área de lecer.

I.6. – PLAN DE ACTUACIÓNS PREVIAS E COMPLEMENTARIAS

Os traballos de reforestación e mellora dos bosques de Seavia son fundamentalmente de forestación e mellora da contorna con fins ambientais e socio-recreativos.

Antes é preciso realizar o aproveitamento de madeira para adaptar á normativa sectorial sobre incendios forestais (faixas de xestión de biomasa), eliminar especies invasoras (eucalipto) e facer cortas de policía -sanitarias- para a mellora da masa. O resultado é a xeración de gran cantidade de restos que se deben tratar (obriga normativa) por trituración mecánica de restos e rozas.

Por outra banda, é preciso acondicionar as áreas de motocros e vertedoiros (recheo e nivelación; a mellora de accesos (camiños e sendas) para o desfrute social dos montes e a defensa da propiedade colocando marcos onde sexa preciso.

ACTUACIÓNS PREVIAS DE ACONDICIONAMENTO. MEDICIÓNS

Traballos previos preparatorios consistentes en eliminación de restos de corta por trituración con desbrozadora de martelos e astelado con biotrituradora en parcelas non tratadas nas tarefas de corta. Destoconado de 135 pes nas faixas terciarias auxiliares de pista. Eliminación de elementos de obra (poste de formigón). Nivelación e adecuación do terreo nos circuitos de motocros mediante recheo con retroescavadora e rasanteo con moto niveladora. con parte necesaria de transporte en camión a vertedoiro. Desbroces previos no resto da superficie.

NOTA:

A eliminación de restos de tala é obriga da empresa adxudicataria do aproveitamento forestal e non se inclúen no presente orzamento.

A eliminación de restos que si se inclúe no presente proxecto son do destoconado das áreas auxiliares de pista e o tratamento mediante astelado dos restos das parcelas de difícil acceso.

DESTONCONADO		ASTELADO	
PARCELA	Nº PES	PESO TM	SUP
529	73		
703	18		
84	34		
667	10	5,73	0,16
544		2,53	0,11
646		0,64	0,42
538		2,53	0,12
	135	11,43	0,81

Comprende:

- Ud. arranque tocóns ill. fácil desarraigo, diám. de 25 a 40 cm **135,000 ud**
- Corta, des. amoreado 1 est., 20<D<30 cm, pdte.< 25%, dens.<750 **41,950 estéreos**
- Reco. e am.1 Ha. resid. proc. diversa, dens: 10-25 tm/ha, pdt **0,810 ha.**
- Astelado 1 Tm. de residuos forestalis verdes, amoreados **11,430 Tm**
- Ud. de levante de poste de formigón **18,000 ud**
- Estendido terras con retroescavadora **2.720,000 m3**
- Estendido terras con moto niveladora **5.980 m3**
- Ha Roza matogueira mecanizada pte<10% **3,600 ha**



ACTUACIONES COMPLEMENTARIAS. MEDICIONES

Obras complementarias de protección e acceso: localización e colocación de marcos (6 ud na parcela 559), apertura e mellora mecánica de camiños con obras de fábrica para paso de auga (4 uds. - embocaduras e tubos de formigón de 30 cm. de diámetro-). Mellora manual de sendas na parcela 646.

Comprende:

- | | |
|---|---------------------------------|
| • Replanteo e colocación de marco con GPS terreo chan | 6,000 ud |
| • Refino e planeo do camiño c/ apertura de cunetas (3 m.) | 955,000 m.l. |
| • Refino e planeo da caixa do camiño (ancho 2,5-3m.) | 3.175,000 m ² |
| • Preparación camiño medios manuais/ mecánicos tramos estreitos | 178,000 ml |
| • Embocadura prefabricada para cano ø 30 cm, terreo franco | 8,000 ud |
| • Cano formigón d=30cm, terreo franco | 13,000 m.l. |

Esquema embocaduras e cuneta



I.7.- PLAN DE FORESTACIÓN

7.1.- ELECCIÓN DE ESPECIE

Segundo as táboas de xuízo biolóxico e ecolóxico de Rivas-Martínez

As especies probables son o piñeiro do país (p-) e o castiñeiro (p+)

Serie	Pinus uncinata	Pinus sylvestris	Pinus nigra	Pinus pinaster	Pinus peuce	Pinus halepensis	Pinus radiata	Eucalyptus globulus	Castanea sativa	Abies alba	Fagus sylvatica
Biolóxica:	-	d	-	p	d	-	p	p	p	-	-
Ecolóxica:	-	d-	-	p-	d-	-	p-	p-	p+	-	-

Segundo os criterios de habitación do Plan Forestal de Galicia (Comarca xeo forestal Costa Atlántica)

ALTITUDE INFERIOR A 400 METROS

-Solos con profundidade inferior a 50 cm.

Especie índice

Eucalyptus glóbulus

Serie alternativa

Quercus robur

Pinus pinaster

Pinus radiata

-Solos con profundidade entre 50 cm. y 100 cm. en avedodos

Especie índice

Pinus radiata

Serie alternativa

Quercus robur

Quercus rubra

Bétula celtibérica

Castanea sativa

Pinus pinaster

Eucalyptus glóbulus

-Solos con profundidade entre 50 cm. y 100 cm. en solainas.

Especie índice

Pinus pinaster

Serie alternativa

Quercus robur

Quercus rubra

Castanea sativa

Pinus radiata

Eucalyptus glóbulus

A estas especies posibles biolóxicas e ecolóxicamente se poden engadir outras resistentes ao enchárcamete e ao H alto: ameneiro, freixo e pradairo (*Acer pseudoplátanus*).

O castiñeiro do país (*castanea sativa*) será substituído polo **castiñeiro híbrido resistente** á doenza da tinta apto para "terras baixas de Galicia" a altitudes menores aos 600 m.

RESUMO DE ESPECIES E DENSIDADE POR MOUTEIRAS

RODAL	SUP	DESEÑO		ESPECIES				Nº PLANTAS		
		PES /HA	MARCO	PRINCIPAL	%	ACOMPAÑANTE	%	TOTAL	PRINCIPAL	ACOMPAÑANTE
1.FAIXAS AUX. PISTA	0,7409	952	3,5	VIDUEIRO	100		0	705	705	0
2. FORES. ENRIQUEC.	2,0662	325		CARBALLO	100		0	672	672	0
3. FORES. ÁREAS DEGRADADAS	1,663	1143	3,5X2,5	PIÑEIRO	66,66	CARBALLO /REBOLO /SOBREIRA	33,33	1901	1267	634
4. PLANT.SOUTOS	0,8041	400	5	CASTIÑEIRO HÍBRIDO	100		0	322	322	0
5. FOREST. HIDRÓFILA	0,3795	625	4	VIDUEIRO AMENEIRO	92	FREIXO/ AVELAIRA	8	237	218	19
6. FOREST. PAISAXE	2,0953	625	4	CARBALLO AMERICANO	89	PRADAIRO	11	1310	1166	144
								5146	4349	797

7.2.- METODOS DE REPOBOACIÓN

Dependen das características do medio. As labores de preparación do terreo aparecen na seguinte táboa:

TRABALLOS DE PREPARACIÓN		1	2	3	4	5	6
		FAIXAS AUX. PISTA	FORES. ENRIQUEC.	FORES. ÁREAS DEGRADADAS	PLANT. SOUTOS	FOREST. BOSQUE HIDRÓFILO	FOREST. PAIXAXE
		0,7409	2,0662	1,663	0,8041	0,3795	2,0953
OPERACIÓNS PREVIAS	TRITURACIÓN DE RESTOS	SI	SI	SI	SI	SI	SI
FORESTACIÓN	ABURATADO 60X60X60	SI	SI		SI	SI	SI
	SUBSOLAXE LIÑAL			SI			
	DENSIDADE	952	325	1143	400	625	625
	MARCO	3,5X3,5		3,5X2,5	5X5	4X4	4X4
ESPECIES	VIDUEIRO	CARBALLO	PIÑEIRO /FRONDOSA	CASTIÑEIRO HÍBRIDO MICORRIZADO	VIDUEIRO /AMENEIRO /AVELARIA	CARBALLO AMERICANO /PRADAIRO	
%	100	100	66/33	100	92/4/4	89/11	
